

Comentarios no blog do IES Sánchez Cantón no curso 2012-2013

Os Megatoxos e a cara oculta de Lúa

Os protagonistas principais da obra son os Megatoxos, un grupo de catro rapaces que ao entrar en contacto co Toxo, adquiriron superpoderes. Lúa é unha integrante deste grupo. Séntese moi soa porque ninguén a quere, e por iso, en Venecia, convértese nunha malvada raíña que intenta dominar o mundo enteiro. Pero os Megatoxos e os xemelgos ... A min encantoume este libro porque era de aventuras fantásticas, tiña toques gratos (palabras moi 'exquisitas'). Ten unha linguaxe moi comprensible para os nenos, xa que eu entendín todas as palabras. Chamoume a atención que un par de veces Faísca empregase palabras 'delicadas' como "a miña vida é unha merda...". A quen lle recomendarías a lectura deste libro: a todas as persoas ás que lles gusten as aventuras fantásticas (sobre todo nenos). (Roberto)

Trata duns nenos con superpoderes que teñen que salvar o mundo. Ten algunhas palabras que non entendín pero a maioría as entendo. A quen lle recomendarías a lectura deste libro: ás persoas a quen lle gusta os libros de fantasía e de equipo. (Javier).

Trata dunha aventura que viviron un grupo de rapaces (Os megatoxos) coa que atopan o lado máis escuro da súa amiga Lúa. É un libro moi divertido que nos narra como resolver situacións difíciles. A linguaxe é moi fácil de entender. A quen recomendaras este libro: a persoas que lles gusten os libros de intriga, misterio, acción e fantasía. (Alberto)

A nova aventura dos Megatoxos, neste caso a Venecia, debido á transformación da xente en zombis. Nesta historia Lúa domina o mundo grazas ao seu poder. Gustoume moito, ao principio é un pouco monótono pero despois non o podes deixar. Opinión sobre a linguaxe: propia de nenos e con palabras propias da adolescencia. A quen lle recomendarías a lectura deste libro: aos nenos e a xente que lle gusten as aventuras fantásticas con maxia, monstros etc. (Jorge)

O libro pareceume moi entretido porque ten moita acción, e tamén hai drama, misterio e escenas cómicas. O personaxe que máis me gustou foi Faísca, que é un neno moi simpático e valente. Eu comprendín todas as palabras e pareceume como se todos os personaxes fosen reais. Eu recomendaríalle este libro aos rapaces que lle gusten os libros de humor e de misterio. (Guillermo)

Neste libro os protagonistas: Faísca, Ruxe, Ninfa e Exeria, viaxan ata Venecia, onde terán que loitar contra Lúa e Ezbel para salvar á humanidade de converterse en zombis. É unha gran loita que remata ... Nesta historia se expresa que, igual que Lúa se oculta tras unha máscara, na vida real tamén nós podemos ocultarnos da mesma maneira e cometer erros moi prexudiciais para a nosa vida, pero que sempre hai amigos e compañeiros que poden axudarnos. Lúa comete o erro de querer cambiar o mundo convertendo a todos en zombis porque, ao sentirse tan soa, pensaba que ninguén a quería, e desta forma cría que todo melloraría para ela. E viaxa ata Venecia onde ...

A min gustoume máis ca os outros tres. Porque non só conta unha historia senón que á vez explica a realidade. É divertido e misterioso. Como os tres libros anteriores está moi ben redactado, con diálogos vivos e inxenosos e típicos dos rapaces da nosa idade. A quen lle recomendarías este libro: a todo o mundo, sobre todo aos que lles gustan os libros de aventuras. (Gabriela)